

ACTA

Expediente núm.	Órgano colexiado
PLN/2025/13	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria:

Ordinaria

Data:

6 de novembro de 2025

Duración:

Desde as 20:35 ata as 22:21

Lugar:

Salón de Plenos do Concello de A Estrada

Presidida por:

Gonzalo Louzao dono

Secretaria:

María Jesusa Fernández Bascuas

ASISTENCIA Á SESIÓN

Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	NON
	DIEGO PERNAS FERNÁNDEZ (informático)	SÍ
	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
	GUMERSINDO VILLAMAYOR MARTÍNEZ	SÍ
	JESSICA RODRÍGUEZ CALVIÑO	SÍ
	JOSE ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
	JOSÉ CONDE TRASANDE	SÍ

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ
	LUCIA SEOANE ROSENDE	NON
	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ
	MARIA ANGELES PAIS CARBIA	SÍ
	MARIA DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
	MARÍA BELÉN LÓPEZ PENA	SÍ
	MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
	MANUEL MAGARIÑOS MACEIRAS	SÍ
	OSCAR ALEJANDRO DURAN BARROS	SÍ
	ROMÁN SUÁREZ PORTO	SÍ
	XOÁN REYES VILLAR	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O 29 DE SETEMBRO DE 2025

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria celebrada o día 29 de setembro de 2025, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 2 DE OUTUBRO DE 2025

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 2 de outubro de 2025, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.



Expediente 6408/2025. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E EDUCACIÓN EN RELACIÓN COA MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN O VINDEIRO 25 DE NOVEMBRO DO DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA ÁS MULLERES

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

Feitos e fundamentos de dereito:

Vista a moción conxunta elaborada entre todos os grupos políticos municipais con motivo da celebración o vindeiro 25 de novembro do Día Internacional da Eliminación da Violencia Contra as Mulleres, a cal se transcribe literalmente de seguido:

“O 25 de novembro celébrase o Día internacional para a eliminación da violencia contra a muller. Un día de reflexión e sensibilización para expresar o rexeitamento máis profundo a todo tipo de violencia contra as mulleres.

A violencia de xénero, como manifestación extrema de desigualdade, é un problema público e social de primeira magnitude, xa que representa un ataque ao dereito á vida, á integridade física, á liberdade e á non discriminación, todos eles valores irrenunciabes que proclama a nosa Constitución e o noso Estatuto. Por iso todos os poderes públicos temos o deber de adoptar as medidas necesarias para facer reais e efectivos eses dereitos.

É un obxectivo prioritario de gobernos e administracións acadar a eliminación de todas as formas de violencia que aínda hoxe afectan ás mulleres. Para elo, é preciso a implicación e a concienciación da cidadanía porque a violencia de xénero é un problema de todas e todos e polo tanto entre todas e todos debemos tentar derribar cos muros de silencio que aínda a rodean.

Apelamos á tolerancia cero cos maltratadores para poñer fin a esta depreciabile lacra e xunto con toda a cidadanía, colaborar na construción dunha Galicia máis solidaria, máis equilibrada e sen discriminación.

Desde o Concello da Estrada avanzamos nesta loita con paso firme e neste mesmo ano publicamos o I Plan de igualdade interno, co propósito de identificar e eliminar as barreiras que limitan o desenvolvemento profesional das mulleres e promover a corresponsabilidade no ámbito laboral municipal.

Por todo o exposto, os grupos políticos que formamos parte do corporación do Concello de A Estrada, propoñemos que, polo Pleno, sexan adoptados os seguintes acordos:

Primeiro.- Que polo Concello se adopten as seguintes medidas:

- Mellorar a capacidade da detección temperá de todos os tipos de violencia contra as mulleres e os menores desde todos os recursos municipais e en coordinación*



coa Policía Municipal e os servizos sociais e sanitarios.

- *Facilitar, na medida do posible, a formación do persoal municipal e en especial, daqueles que teñan atención ao público para detectar os posibles casos de violencia de xénero encuberta.*
- *Desenvolver campañas divulgativas e preventivas de xeito continuado contra todas as formas de violencia de xénero, con especial incidencia as dirixidas á poboación infantil e adolescente, en coordinación coa comunidade educativa, así como apoiar e difundir a través dos canles adecuados as distintas campañas que se promovan tanto dende o Goberno central como da Xunta de Galicia para chegar aos máximos sectores da nosa veciñanza.*
- *Dentro das actuacións a levar a cabo contra as distintas formas de violencia non debemos esquecer, e mais, debemos facer unha maior chamada de atención en aquelas actitudes machistas que temos socialmente normalizadas e que poden levar a iniciar ao maltrato psicolóxico, tantas veces invisibilizado.*
- *Promover accións para a mocidade para a promoción da igualdade e a prevención da violencia de xénero, facilitando espazos e metodoloxías, tuteladas por persoal especializado, onde a mocidade poida expresar as súas inquedanzas, dúbidas, problemas e tamén se poidan manifestar libremente o seu enfoque desta lacra social que é a violencia contra as mulleres.*
- *Continuar ca Mesa Local de Coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero, en colaboración coa Xunta de Galicia e a Delegación do Goberno, como instrumento para optimizar a cooperación de todas as institucións e entidades implicadas na loita contra a violencia de xénero.*

Segundo.- Instar ao Goberno de España a:

- *Renovar o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, que leva conxelado desde o ano 2022, coa incorporación de medidas específicas contra a violencia vicaria e a violencia dixital.*
- *Revisar os erros do sistema Viogen á hora de valorar o risco das vítimas de violencia de xénero.*
- *Promulgar unha lei contra a trata de persoas, comprometida no Pacto de Estado.*

Terceiro.- Instar á Xunta de Galicia a:

- *Poñer en marcha liñas formativas e de asesoramento a profesionais e familias para a prevención e detección de abusos a mulleres con discapacidade.*
- *Reforzar e ampliar os recursos, servizos e prestacións existentes a dispor das vítimas de violencia de xénero, como a atención psicolóxica, a asistencia xurídica gratuíta, as axudas directas periódicas, solucións habitacionais e axudas para a súa inserción laboral, co fin de que logren unha plena independencia.*
- *Poñer en marcha o Plan Integral de Actuación para a Renovación e Impulso dos CIM de Galicia co fin de impulsar a súa actividade, optimizar este recurso e adaptalo á evolución das dinámicas sociais e ás necesidades de funcionamento.*





- *Fomentar a Rede Galega de Entidades Locais contra a violencia de xénero.*

Visto o Ditame favorable acadado pola Comisión Informativa de Benestar Social, Igualdade e Educación, en sesión celebrada o 29 de outubro de 2025.

Deliberado sobre o particular, sométese a moción a votación, sendo adoptado, por unanimidade, os seguintes **ACORDOS**:

Resolución:

Primeiro.- Que polo Concello se adopten as seguintes medidas:

- Mellorar a capacidade da detección temperá de todos os tipos de violencia contra as mulleres e os menores desde todos os recursos municipais e en coordinación coa Policía Municipal e os servizos sociais e sanitarios.
- Facilitar, na medida do posible, a formación do persoal municipal e, en especial daqueles que teñan atención ao público, para detectar os posibles casos de violencia de xénero encuberta.
- Desenvolver campañas divulgativas e preventivas de xeito continuado contra todas as formas de violencia de xénero, con especial incidencia as dirixidas á poboación infantil e adolescente, en coordinación coa comunidade educativa, así como apoiar e difundir a través dos canles adecuados as distintas campañas que se promovan, tanto dende o Goberno central como da Xunta de Galicia, para chegar aos máximos sectores da nosa veciñanza.
- Dentro das actuacións a levar a cabo contra as distintas formas de violencia, non debemos esquecer, e máis, debemos facer unha maior chamada de atención en aquelas actitudes machistas que temos socialmente normalizadas e que poden levar a iniciar ao maltrato psicolóxico, tantas veces invisibilizado.
- Promover accións para a mocidade para a promoción da igualdade e a prevención da violencia de xénero, facilitando espazos e metodoloxías, tuteladas por persoal especializado, onde a mocidade poida expresar as súas inquedanzas, dúbidas, problemas e tamén poidan manifestar libremente o seu enfoque desta lacra social que é a violencia contra as mulleres.
- Continuar ca Mesa Local de Coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero, en colaboración coa Xunta de Galicia e a Delegación do Goberno, como instrumento para optimizar a cooperación de todas as institucións e entidades implicadas na loita contra a violencia de xénero.

.

Segundo.- Instar ao Goberno de España a:

- Renovar o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, que leva conxelado



desde o ano 2022, coa incorporación de medidas específicas contra a violencia vicaria e a violencia dixital.

- Revisar os erros do sistema Viogen á hora de valorar o risco das vítimas de violencia de xénero.
- Promulgar unha lei contra a trata de persoas, comprometida no Pacto de Estado.

.

Terceiro.- Instar á Xunta de Galicia a:

- Poñer en marcha liñas formativas e de asesoramento a profesionais e familias para a prevención e detección de abusos a mulleres con discapacidade.
- Reforzar e ampliar os recursos, servizos e prestacións existentes a dispor das vítimas de violencia de xénero, como a atención psicolóxica, a asistencia xurídica gratuíta, as axudas directas periódicas, solucións habitacionais e axudas para a súa inserción laboral, co fin de que logren unha plena independencia.
- Poñer en marcha o Plan Integral de Actuación para a Renovación e Impulso dos CIM de Galicia co fin de impulsar a súa actividade, optimizar este recurso e adaptalo á evolución das dinámicas sociais e ás necesidades de funcionamento.
- Fomentar a Rede Galega de Entidades Locais contra a violencia de xénero.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO DO 16 AO 30 DE SETEMBRO DE 2025

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 16 e 30 de setembro de 2025 (ambos os dous días incluídos), que van dende o número 2025-1403 ao número 2025-1504 (ambos os dous incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO DO 1 AO 31 DE OUTUBRO DE 2025

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 1 e 31 de outubro de 2025 (ambos os dous días incluídos), que van dende o número 2025-1505 ao número 2025-1688 (ambos os dous incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.



C) ROGOS E PREGUNTAS

Neste apartado interveñen os voceiros e voceiras dos grupos políticos municipais. Así mesmo, intervén, en cumprimento co establecido no Regulamento de Participación Cidadá, a seguinte persoa asistente no público:

- Dña. Balbina Martínez Ramallal (DNI [REDACTED])
- D. Manuel López Dono (DNI [REDACTED])

Todas as intervencións quedan recollidas no arquivo audiovisual resultante das gravacións efectuadas, formando parte desta acta.

Levántase a sesión sendo as vintedúas horas e vinteún minutos do día do seu comezo.

De conformidade co establecido no Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre los libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, incorpórase á presente acta o acceso ao arquivo audiovisual resultante da gravacións das intervencións na sesión co enlace, formando parte da mesma:

<https://aestrada-plenos.tiivii.com/gl/2025/11/10/pleno-concello-de-a-estrada-6-de-novembro-2025/>

Garántese a autenticidade e integridade do nomeado arquivo audiovisual co certificado correspondente incluído no expediente e que inclúe a marca dixital “hash”:

CD3B7CF5AF5C5BCF01C5F0D643B234D6E195001EB7F3C775CA9C995ABE0074B7

Marca dixital xerada coa aplicación de firma electrónica Autofirma (desenvolvida polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas).

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

